

Luns, día 3, ás 9 do serán

Actuación do teatro Círculo C.R.D. coa posta en escea da obra que leva por título "Un Lóstrego na Noite" de Ramón González Alegre e "Romería As Covas do Demo", de Manuel Lourenzo.

Biografía do Grupo

Sin ter mais dun ano de vida o Grupo de teatro "CIRCULO DE PERLIO" xa é sobradamente coñecido dos aficionados para que teña que ser presentado. E non somentes é coñecido polos aficionados locais senon tamén polos dos divesos logares da provincia, en donde, a súa presentación en público no derradeiro mes de xunio, ven aituando con regularidade.

Paralelamente as representacións, tamén ven desenrolando o Grupo unha laboura, caracterizada fundamentalmente por unha gran adicación, que deu por resultado a posta en escea das obras seguintes:

"O cantar dos cantares"	de E. Blanco Amor
"A tia lambida"	de E. Blanco Amor
"O Inglés"	de A. R. Castelao
"O retrato"	de A. R. Castelao
"Romería as covas do demo"	de Manuel Lourenzo
"Un lóstrego na noite"	de Ramón González Alegre

Aitualmente o grupo atópase traballando no montaxe de "O circo de tiza caucasián", de Bertolt Brecht, según adaptación e tradución do propio grupo, que espera poder presentalo no remate de maio.

Tamén o grupo espera que a súa participación na vindeira Mostra de Teatro Galego de Ribadavia, a celebrar na derradeira semón de maio, daralle oportunidade de espallar as súas Aitividades polo resto da nosa rexion

Compoñen o grupo un fato de rapazas e rapaces que son:

Carlos Basoa	Mabel Rivera	Mariló Serantes	Roberto Fernández
María López	Carlos Neira	Xosé Vicente Martínez	Xulio César González
Ramón España	Elina Luaces	Marga Cabrera	Manolo Caldevilla
Mara Vargas	Xoaquín Pérez	Valentin Garcia	José de Bernardo
Francisco Oti	Carmen Edexia	M. ^a Carmen Lorenzo	Luis Mecías
Xoana Balado		Luis Martínez	

Direitor: Celestino Ledo